



NORMATIVA COMPITIÇÕES EN RUTA



COMPITIÇÕES EN RUTA



NORMATIVA COMPETICIÓN EN RUTA



CAMPIONATO GALEGO DE MARCHA EN RUTA

Art.1) A delegación da FGA en Ferrol, organizará para o día 20 de Xaneiro en Narón o Campionato Galego de Marcha en Ruta segundo normas adxuntas.

Art.2) Poderán intervir todos aqueles atletas que o desexen e que se atopen en calqueira das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado durante a tempada actual (2007/2008) por algún Clube pertencente a Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertencen a Clubes doutras CCAA..
3. Atletas non galegos ou estranxeiros convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

Art.3) As inscricións realizaranse na páxina web da F.G.A.

Art.4) Os atletas deberán confirmala súa participación ata 45 minutos antes do comezo da súa proba, segundo o horario sinalado. Unha vez rematado este prazo, non se admitirá a participación do atleta.

Art.5) Os tres primeiros atletas clasificados recibirán unha medalla conmemorativa do Campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo da cerimonia. Caso contrario, non se fará entrega das medallas.

Art.6) Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación.

Art.7) O horario e distancias do Campionato:

(Este horario poderá sufrir variacións que serán comunicadas con sufecinte antelación)

11,00 horas	Benxamín	Homes e Mulleres	2 Km
11,20 horas	Alevín	Homes e Mulleres	3 Km
11,50 horas	Infantil-Cadete	Homes e Mulleres	5 km
	Pro.-Sen.-Vete.	Homes	20 Km
12,30 horas	Juvenil-Junior	Homes e Mulleres	10 Km
	Pro.-Sen.-Vet.	Mulleres	10 Km

Art.8) Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase de acordo cas normas da I.A.A.F. As características do circuíto serán enviadas con antelación suficiente á competición



NORMATIVA COMPITIÇÕES EN RUTA

CAMPIONATO GALEGO DE MEDIA MARATON

Art.1) Comunicarase con sufecinte antelación a celebración, lugar e data da disputa dos Campionato Galego de Media Maratón.

Art.2.- Poderán tomar parte no mesmo os atletas, Homes e Mulleres, das categorías junior, promesa, señor e veterán, sempre que estén en posesión da licenza federativa para a actual Tempada. Asemade admitirase a participación de atletas que non pertezan á F.G.A., si ben o farán fora de concurso a tódolos efectos do campionato Galego.

Art.3.- Dentro do campionato establecerase paralelamente unha clasificación individual, segundo a categoría respectiva, e outra por Clubes, na categoría absoluta.

Art.4.- Clasificación por clubes: sumaranse os tempos dos tres primeiros clasificados de cada equipo, independentemente da súa categoría.

Computaranse os tempos obtidos polos atletas millor clasificados de cada equipo

Art.5.- O Campionato celebrarase sobre a distancia de 21,097 Km., establecéndose contróis de tempo e avituallamentos nos puntos quilométricos 5, 10 e 15 do percorrido

Art.6- As inscricións dos atletas federados enviaranse á traves da paxina web da Federación Galega de Atletismo como data límite o martes anterior á compitiçón.

Art.7- Entregaranse medallas ós tres primeiros clasificados en cada unha das categorías oficiais do campionato.Na categoría de veterans considerarase as diferentes categorías de idades .

Art.8.- O plano, horario e características do circuito serán facilitados pola organización.

HORARIO DE CAMPIONATO

Comunicarase ca sufecinte antelación a celebracion do campeonato a traveso de circular e páxina web



NORMATIVA COMPITIÓNS EN RUTA
